Signature Not Verified
Digitally signed by Rexistro Entrada
Date: 2015.11.16 10:23:49 +01:00
Reason: 43927
Location: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2015 10:22
Nº Rexistro: 43927
Data envio: 16/11/2015 10:22:45.260

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova · espazo ecosocialista galego · EQUO

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Juan Manuel Fajardo Recouso, deputado pertencente ao **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión, referente ás axudas de emerxencia.**

A Xunta de Galicia de forma continúa é incapaz de articular políticas de protección social, que vaian máis alá do asistencialismo, tratando de forma case exclusiva a problemática da pobreza e da exclusión mediante a renda de inserción social de Galicia e as axudas de emerxencia, pero ambas, están nunha situación de opacidade que impide a sociedade galega coñecer de forma concreta, tanto os mecanismos internos para a súa concesión, como os motivos das rescisións ou as contías realmente investidas nas mesmas.

Por todo isto , **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión :**

¿Cal é o número concreto de axudas de emerxencia concedidas pola xunta de Galicia durante o 2014 e 2015?

¿Cal é a cantidade medias das mesmas, que necesidades cubriron?

¿Que número se outorgou por provincia?

¿Como é posible que non exista un mecanismo proactivo para informar as cidadanía desta pais da posibilidade de acollerse as axudas de emerxencia?

En Compostela, a 16 de novembro do 2015.

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2015 10:22
Nº Rexistro: 43927
Data envio: 16/11/2015 10:22:45.260

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 16/11/2015 10:13:57